

A razón poética: María Zambrano

A necesidade dunha razón nova: a razón poética

María Zambrano considera que o desenvolvemento, durante os últimos séculos, da razón moderna puxo de manifesto o seu carácter meramente funcional ao servizo do progreso técnico e científico.

Para Zambrano, o racionalismo é a actitude que busca abarcar conceptualmente a totalidade do mundo para, deste xeito, dominalo e conceptualizalo.

O desenvolvemento desta actitude é o feito que produce o elevado nivel de racionalización do noso mundo, cuxos efectos principais son:

- Unha imaxe da realidade como articulación lóxica de fenómenos e de acontecementos en conceptos e en leis que nos permiten coñecela e utilizala. Deste xeito, desaparecen o sentido do misterioso e o asombro ante o sagrado e o invisible.
- Unha esquematización do noso modo de vida no que case todos os nosos comportamentos se axustan e se ordenan para lograr obxectivos dirixidos á ganancia económica e ao aumento da comodidade.

Por esta razón, desaparece o *sentimento poético* e a *auténtica creatividade artística*, esmagados polo realismo frío, prosaico e vulgar do ser humano positivista, que todo o comprende e o calcula mediante conceptos e mediante números.

Como o seu mestre Ortega, tamén Zambrano pensa que cómpre, pois, unha reforma da razón, ou mellor, a fundación dunha razón nova, que sexa unha razón vital capaz de penetrar na vida, pero que descenda máis profundamente do que nos din os conceptos, pois a razón racionalista introdúcese cortante na vida e coas súas distincións conceptuais destrúe o seu significado vivente, quíttalle ao sentir profundo a súa plenitude e a súa cor, e mete a experiencia como a presión nuns moldes abstractos.

A necesidade de crear unha nova razón xorde porque Zambrano pon en dúbida que mediante a razón dos racionalistas se coñeza realmente a realidade. O mundo da realidade radical é o mundo vivido e animado da experiencia que facemos coa totalidade do noso ser.

Porén, a nova razón que Zambrano propón como alternativa á razón do racionalismo moderno non é tampouco propiamente a *razón vital* de Ortega. Zambrano introduce unha **razón poética**, pois só este tipo de razón permite captar a conexión entre o «sentir orixinario», a «entraña», que é anterior á conceptualización racional das cousas, e as manifestacións da vida, que se encontran sempre máis alá e por riba dos conceptos filosóficos.

Con esta expresión de «razón poética», Zambrano designa un tipo de razón capaz de descender ás profundidades do sentimento, que non poden aflorar no discurso filosófico puro, para recoller e para expresar o proceso mesmo do nacemento dos significados e da formación das metáforas. Dito con outras palabras, coa razón poética pretende descifrar os

símbolos e as intuicións vitais que encobren os conceptos, trata de retrotraer os conceptos ao momento mesmo en que nacen a partir deses símbolos orixinarios e desas intuicións vitais privilexiadas. A este proceso chámalle Zambrano o «**sentir orixinario**», obxectivo último da súa razón poética.

A razón poética como razón integradora

A transformación do vital mediante a súa elaboración en conceptos supón unha perda dos seus contidos intuitivos e sensitivos, é dicir, daquilo que o fluír da vida ten de cualitativamente irrepetible, intransferible, inexpresable; daquilo que na relixión e na arte se ve con íntimo arroubo e que na poesía suxírese e evócase a través de metáforas e de imaxes poéticas.

O que se aprende cos conceptos, en cambio, é só un obxecto, é dicir, unha realidade morta, detida, paralizada e inerte. Mediante a razón científica apoderámonos dos fenómenos do mundo disecándoos mediante a abstracción e eximíndonos do traballo de desentrañar a súa plenitude significativa nunha amorosa e demorada contemplación.

A razón poética representa, así, unha forma de razón receptiva e integradora, na medida en que se considera capaz de acoller o que se nos dá na experiencia e de tratalo respectando as súas diferenzas e a súa alteridade.

Coa razón poética, Zambrano quere clarificar a vida concreta de cada individuo nesta situación confusa e complicada da época moderna e abrírlle un horizonte de esperanza. Pretende ser unha vía para liberar a vida da dispersión e do engaño, ao proporcionar a claridade dunha verdade unificadora, comprensible, integradora e creadora de esperanza.

Por todo iso, a razón poética é o órgano propio dunha filosofía da experiencia, en tanto que transcribe máis a experiencia do filosofar que a cristalización dunha teoría.